

O equipo do Plan de Memoria Democrática está buscando unha das maiores fosas de Galicia, localizada no cemiterio de O Val (Narón).

O equipo de investigación de Memoria Democrática da Universidade de Santiago iniciou en Santa María do Val (Narón) o proceso de busca dunha das fosas de vítimas do golpe de 1936 máis grandes de Galicia.

Son polo menos 50 as familias que están a buscar os seus familiares e parentes asasinados despois da sublevación militar en Ferrol de xullo de 1936 que poden estar enterradas no cemiterio do Val.

A localización desta fosa enmárcase no Plan de Memoria Democrática de Galicia, co apoio da Secretaría de Estado de Memoria Democrática e a Xunta de Galicia, que encomendou as actuacións a un equipo multidisciplinar de investigación USC, comandado polo grupo HISTAGRA.

O grupo de expertos da USC, formado por historiadores, arqueólogos, forenses e xenetistas, coa participación do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), que está coordinado polos profesores Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Miguez (grupo Histagra), leva dende o ano 2021 exhumando fosas do tempo da guerra de 1936-1939 e da posguerra en Galicia. Actualmente, centran as súas actuacións na localización da fosa no cemiterio de Santa María do Val, concello de Narón. Trátase dunha das maiores fosas comúns das que se ten constancia, dun total de 90, rexistradas, hoxe en día en Galicia.

Os traballos comezaron este outono coa sondaxe do xeorradar no cemiterio do Val, e, no marco da investigación histórico-documental, o equipo solicita agora a colaboración social para determinar a localización exacta desta fosa e contactar coas familias das vítimas. Na investigación participa tamén a Asociación Cultural Memoria Histórica e Democrática. Neste sentido facemos un chamamento público a quen poida darnos información ao respecto.

Segundo as pescudas feitas ata o momento o equipo da Universidade busca mais dunha fosa, tendo en conta a información recollida e dado o elevado número de persoas alí soterradas, en diferentes datas, mais de 50 individuos asasinados entre 1936 e 1939 e posiblemente tamén na posguerra. Un asunto coñecido polos historiadores e historiadoras e moi presente na memoria veciñas e familiar.

O 26 de decembro de 1936, levouse a cabo unha das maiores execucións que nos consta en Galicia. Un grupo de 34 persoas, todos eles mariñeiros, suboficiais e oficiais de entre 19 e 40 anos, das dotacións de diferentes buques foron fusiladas no adro da Igrexa parroquial do Val, entre as 23 horas do día 26 de decembro de 1936 e as 00:30 do día seguinte. Os reos foron conducidos dende a prisión da Escollera, no Arsenal de Ferrol, executados e despois sepultados no cemiterio, Hai constancia doutros 17 asasinatos, perpetrados en seis datas diferentes nos anos seguintes, e que apuntan cara á posible existencia de seis fosas máis, pendentes de localizar dentro do cemiterio de O Val.

ALGUNHAS DAS VITIMAS QUE PODERÍAN ESTAR SOTERRADAS NAS FOSAS COMÚNS

Gabriel Cruz Mouriz, Luis Rodríguez Novás, José López Leira, Joaquín Bouzamañor Gato, Andrés Cores Fernández, Óscar Roza Ramos, Eulogio Parga Méndez, Manuel Fernández Arias, Leandro Gregorio Igelmo, Nicolás Serantes Pérez, Francisco Pardal Pouso, Francisco Bacochea Rebollar, Manuel Gallego Fernández, Francisco Bellafont Ginart, Juan Morado Monteagudo, Reyes Antonio Yáñez Pérez e Manuel Fernández Gómez.

A maioría deles vivían na comarca de Ferrol, eran mariñeiros, suboficiais e oficiais, moitos estaban casados e tiñan descendencia.

Este feito constitúe un fenómeno sen precedentes na nosa Historia, que permite coñecer a magnitude da violencia golpista en Galicia. Faise un **chamamento público** a toda a sociedade, para tratar de localizar os diferentes enterramentos e completar a identificación dos familiares das vítimas que están aquí soterradas.

En caso de ter información sobre as fosas ou algunha das vítimas, solicítase que se faga chegar por vía telefónica, 881971010 Ext. 1010, ou por correo electrónico, histagra@usc.es

Para mais información, nas webs de Histagra e Nomes e Voces:

<https://histagra.usc.es/es>

<https://www.nomesevoces.net/lugares/proxectos/1/fosas-e-lugares-de-violencia>

Contactos para ampliar información:

Gustavo Hervella (coordinador técnico de Histagra), histagra@usc.es, 881 971010, ext. 101

Lourenzo Fernández Prieto (coordinador PMD), lourenzo.fernandez@usc.gal, 647344112